




Xosé Lois Rey Muñiz, provisto de D.N.I. nº 35451163K, actuando en representación da Delegación de Pontevedra da SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN), con enderezo a efectos de notificación no apartado de Correos nº 303 de Vilagarcía de Arousa; CP 36600, en relación co Proxecto Marco C.E. BENEDICTA nº 1.544 Situado en Atios – Budiño (O Porriño, Pontevedra) do que é petionario: POCASA – PORRIÑESA DE CANTEIRAS, S.A. presenta as seguintes,

### ALEGACIÓNS:

1. Que na documentación presentada pola empresa existen deficiencias que contradicen diversas informacións do proxecto. Caso da explotación 1544.3, na páxina 236 do documento “1\_P.E. Marco Benedicta\_sin anexo” ou na páxina 57 do proxecto de restauración integral C.E. BENEDICTA nº 1.544 mostrase esta zona sen explotar, aínda que si aparecen explotadas noutros mapas da documentación. Contrastado este mapa co SIGPAC, de voo de abril de 2017, no SIGPAC aparece unha ampla zona explotada e cunha considerable balsa ou inundación na denominada parcela 3.



2. Que o proxecto situase nos límites da ZEC "Gándaras de Budiño" (ES1140011).
3. Que tanto o proxecto de explotación como o plan de restauración deben ser sometidos á avaliación de impacto ambiental segundo o establecido no artigo 7 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, xa que están recollidos nos supostos 7.2.a) ou 7.1.b) ó estar incluído no grupo 3.h) do Anexo II: Explotacións a ceo aberto e extracción de turba. En calquera caso estaría incluído no suposto 7.2.b) o que obrigaría ao proxecto a ser sometido a avaliación de impacto ambiental simplificada por afectar á Rede Natura.
4. Que non se inclúe estudo hidrolóxico que permita valorar o impacto na ZEC Gándaras de Budiño. Este espazo protexido sofre historicamente o impacto da actividade industrial do Val da Louriña, entre eles o das explotacións de granito. Un dos principais impactos desta actividade sobre este espazo da Rede Natura é a colmatación da lagoa polos sólidos arrastrados dende as balsas de decantación da explotación sen tratar. Entre outros motivos, este impacto obrigou ao Ministerio de Medio Ambiente en 2007 a desenvolver un proxecto de restauración da lagoa e instalar medidas de control do aporte das augas cara ela procedentes do polígono e das canteiras. O proxecto desestima o risco de contaminación e inundación de hábitats no ZEC "Gándaras de Budiño" e non se contempla ningún plano para un control destas augas en avenidas extraordinarias, máxime cando o propio proxecto incide na impermeabilización do solo pola súa xeoloxía. As augas pluviais con sedimentos da zona de recheo poden chegar á zona baixa, onde está a ZEC Gándaras de Budiño e o río Louro. Existe risco de contaminación da ZEC polos lixiviados dos materiais que se poidan empregar para rechea a antiga explotación mineira.
5. Que na actualidade e durante os anos de explotación e "restauración" existe unha dispersión de especies de flora invasora, entre outras *Cortaderia selloana*, presentes na zona. Débese plantexar que accións de control se tomarán para estas especies, presentes actualmente na área ocupada por esta explotación.
6. Que non se contemplan medidas para reducir o perigo de accidentes por caída e captura de fauna terrestre protexida nas obras.
7. Que, unha vez rematadas as labores extractivas, as medidas de recuperación poden mellorarse cara á creación dun novo biótomo de reforzamento das poboacións de anfibios da zona, así como de insectos acuáticos.
8. Que na páxina 113 cítase *Pinus pinaster* como autóctono para xustificar a continuación indícase que se usará esta especie para a revexetación da zona, dado o seu baixo prezo en relación con outras especies. *Pinus pinaster* é alóctono e introducido en Galicia no século XVII.

9. Que non dispendo de información suficiente para emitir informe contrastado sobre os posibles afectacións sobre a flora, fauna e xea local, esta entidade non presenta unha relación detallada de consideracións ó proxecto, sen que isto implique en modo algún que a SGHN considere apropiado o devandito proxecto.
10. Que, en base á experiencia actual, o período de explotación para o que se solicita o proxecto resulta excesivo para permitir un control axeitado por parte da administración, quedando xeralmente á boa fe dos propietarios da explotación o cumprimento das labores de restauración da zona, tal como se especifican no proxecto.

**Por todo o anteriormente exposto, SOLICITA:**

1. Que o proxecto de explotación e o plan de restauración sexan sometidos á avaliación de impacto ambiental para a súa aprobación.
2. Que no proxecto de “recuperación” da zona se contemple o aproveitamento das paredes verticais resultantes da extracción da pedra para practicar varios ocos, aproveitando as fendas da pedra, a unha distancia non inferior a dous metros da cota superior e distanciadas entre os ocos alomenos dez metros para favorecer a colonización de aves como *Corvus corax*, *Falco tinnunculus* e *Falco peregrinus*, especies que en Galicia aproveitan as paredes das canteiras abandonadas. Ao respecto debera contemplarse a información científica dispoñible: Castillo, I., Elorriaga, J., Zuberogoitia, I., Azkona, A., Hidalgo, S., Astorkia, L., Iraeta, A. e Rúaiz, F. (2008). Importancia de las canteras sobre las aves rupícolas y problemas derivados de su gestión. *Ardeola* 55, 103-110.
3. Que cando se proceda á reestruturación das cuncas de extracción, prevéase a conformación de cuncas pouco profundas (menores dun metro) para a formación de charcas, especialmente se na zona se produce un nacente a consecuencia das aberturas de fendeduras na rocha. Igualmente, cando se produza a nivelación do terreo, procúrese deixar unha pendente non maior a 30° dende a beira ó centro da cunca. No caso de dificultades técnicas para conformar este tipo de cunca, non se debería deixar diferencias de nivel entre o fondo e a beira da cunca de máis dun metro, para favorecer o asentamento de vexetación hidrófila e a colonización natural de anfibios, xa que en caso contrario, co ciclo de desecación estival, estas cuncas actuarían de trampas para a fauna.
4. Que baixo ningún concepto se inclúan especies vexetais alóctonas no proxecto de recuperación e se empreguen especies que teñan certificada a súa procedencia xenética en



## Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

### Delegación de Pontevedra

Apartado de Correos nº 303 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA  
www.sghn.org pontevedra@sghn.org

poboacións galaicas, ó obxecto de evitar a contaminación xenética das poboacións autóctonas.

5. Que se nos teña coma interesados e afectados no expediente, así como se nos notifiquen tódalas modificacións e incorporacións que nel se leven a cabo.
6. Que de calquera xeito, dado o tamaño e impacto do conxunto de canteiras C.E. BENEDICTA nº 1.544, a administración, tanto de industria como de medio ambiente, coa colaboración que lle require a lexislación española, debe plantexarse unha avaliación a longo prazo sobre o futuro desta zona sita tan próxima ó LIC-ZEC Gándaras de Budiño. Unha xestión ambiciosa e pensada nas sinerxias económicas e ambientais debería avaliar e fomentar a conversión desta zona, unha vez rematada a súa vida útil industrial nun solo ou polígono industrial e promover activamente o traslado das industrias equivalentes en superficie de solo ocupado presentes á beira la lagoa de Gándaras de Budiño e o solo desafectado destas empresas e/ou instalacións, recuperalo e anexalo ó vaso de Gándaras, recuperando parte da antiga superficie natural da zona e ampliando e reforzando a zona legalmente protexida.
7. Que se teña dado por presentado este escrito ante a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria.

En Vilagarcía de Arousa, a 7 de febreiro de 2019.



Sdo.: Xose Lois Rey Muñiz

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE  
INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS. PONTEVEDRA**